Traballo de apoio

Unidade 5

1. Que idea fundamental se pode extraer do texto de Villares sobre Historia de Galicia (texto 1 da selección da unidade 5)?

2. Cita algunha das traxedias de Shakespeare.

3. Cales son os aspectos centrais do prólogo de Shakespeare (texto 2 da selección)?

4. Que se pode salientar a nivel de contido do fragmento de Shakespeare número 3 (selección de textos da unidade 5)?

5. A que traxedias de Shakespeare corresponden: a) ambición, b) celos, c) indecisión, d) amor apaixonado, e) maldade

6. Indica a que traxedias corresponden os seguintes personaxes de Shakespeare: a) Cordelia, b) Frei Lourenzo, c) Conde Paris, d) Ofelia, e) Desdémona.

7. Comenta o fundamental do texto 5 da selección de textos da unidade.

8. Sitúa brevemente o texto 4 da selección no contexto da obra, atendendo ao que se comenta dela no apartado teórico na unidade.

9. Que concepto de teatro tiña Molière?

10. A que comedias de Molière corresponden os seguintes personaxes: a) Alcestes, b) Monsieur Jourdain, c) Orgón, d) Cleante, e) Célimène?

Unidade 5. Respostas ao traballo de apoio

1. Arte barroca como representación acaída da mentalidade contrarreformista: decoración vinculada á natureza e concepción *retabular* e teatral do mundo; importancia do aspecto externo e da reacción do espectador, importancia da comunidade máis ca o individuo (fronte á reforma de Lutero). Así, por exemplo, hai un gusto pola fachada e retablo, que cumpren unha clara función didáctica ao amosar con claridade, ante unha poboación iletrada, episodios de Cristo e os apóstolos; tamén a iconografía do santoral barroco.

2. *Romeo e Xulieta, Rei Lear, Hamlet, Macbeth, Otelo*

3. É a presentación coral do tema e argumento da traxedia de Shakespeare *Romeo e Xulieta*. Indícanos a situación espacial (Verona), a caracterización do contexto (dúas familias "de igual dignidade" enfrontadas), a definición da historia ("tráxico amor"), o desenlace ("final triste e desgraciado"), estimación da duración da representación ou posta en escena ("dúas horas"), e *captatio benevolentiae*, chamada á atracción do público.

4. É o final, no acto quinto, de *Romeo e Xulieta,* cando Romeo, logo de crer que a súa amada estaba morta, regresa desde Mantua a Verona; no sepulcro dela, toma o veleno para matarse e cae fulminado. Xulieta esperta da súa morte finxida, estratexia para evitar unha voda non desexada co conde Paris, ve ao seu amado morto e decide suicidarse apuñalándose. Frei Lourenzo, que se lle ocorrera a artimaña, chega demasiado tarde, e será el quen revele o sucedido. Ao final as dúas familias, os Montesco e os Capuleto, póñense a ben.

5. a) *Macbeth,* b) *Otelo,* c) *Hamlet,* d) *Romeo e Xulieta,* e) *Rei Lear*

6. a) *Rei Lear,* b) *Romeo e Xulieta*, c) *Romeo e Xulieta,* d) *Hamlet,* e) *Otelo*

7. Este fragmento, correspondente ao poema alegórico de John Milton *O paraiso perdido*, ten un ton de alocución de Satán. Este, que fora o máis fermoso dos anxos, arenga nunha especie de sermón os seus devotos no espantoso Caos, lugar ao que foron condenados logo de seren vencidos por Deus tras a rebelión que lle montaron. Anuncia con esta disertación ante os seus a vinganza da súa derrota mediante o engano ao ser humano.

8. Corresponde ao acto terceiro d´*O enfermo imaxinario,* comedia de Molière, no momento final cando, despois de finxirse morto Argán e de descubrir o amor sincero que lle ten a súa filla Anxélica, conmovido dá permiso para que esta case con Cleanto, decidido a converterse en médico el mesmo.

9. En Molière, a comedia é unha especie de plataforma coa que expresa a súa visión do mundo. No seu caso, é moi claro que o teatro é o medio co que exteriorizar o universo sentimental, usando a crítica dos costumes e da sociedade. A intención básica é a de gustar, agradar, facer rir ao público. Destaca nesta "comedia de carácteres" a utilización da sátira, o retrato psicolóxico ben logrado e a agudeza.

10.a) *O misántropo,* b) *O burgués xentilhome,* c) *Tartufo,* d) *O enfermo imaxinario,* e) *O misántropo*.